

XIV FESTA do VINHO TINTAFEMIA



*30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo
Santa María de Cela*



Saúda do Alcalde

Os vindeiros 30 de xuño, 1 e 2 de xullo, a parroquia bueuesa de Cela está de festa, o viño Tinta Femia será de novo o protagonista nestes días nos que se celebra a súa décimo cuarta edición.

Como alcalde desta vila, quero destacar a actividade que desenvolven desde a Asociación de Viticultores San Martiño de Bueu por manter viva unha forma de ser e de sentir que nos fai singulares ante o resto dos pobos. Somos unha vila mariñeira cun forte arraigo e tradición no mundo do agro e, por iso, o gran reto que teñen as sociedades contemporáneas pasa por salvar as súas tradicións e a súa cultura ante a voráxine uniformizadora do momento actual, cando todo pasa excesivamente rápido e estamos sometidos ao ditado do efémero.

Vaia por diante, pois, o meu agradecemento e recoñecemento á labor levada a cabo por todas e cada unha das persoas da Asociación, e por suposto a todos os colleiteiros que fan posible que Bueu siga conservando un dos seus produtos singulares nos que se testemuña o seu pasado.

Convido a todo o pobo de Bueu a que continúe reafirmándose no seu, apostando por unha nova economía que teña como eixe fundamental a defensa do propio, dunha economía na cal o campo e o mar acaden a simbiose perfecta.

Félix Juncal Novas

Alcalde do Concello de Bueu

